

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52634 (10/POC-008142)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a favorecer unha competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os vehículos de turismo con condutor (VTC) e a incrementar a competitividade do sector do taxi
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019
- 1.2 53474 (10/POC-008384)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia destinadas a protexer a riqueza natural e patrimonial da serra de Oribio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 54811 (10/POC-008635)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar o impacto medioambiental no regato de Piñor, nos ríos Furelos e Ulla, así como para a saúde humana, das verteduras procedentes do polígono industrial de Melide
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.4 55819 (10/POC-008788)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para paralizar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, sometida á información pública no ano 2012, as previsións ao respecto para a X lexislatura, así como a revisión do plan director e a aprobación dos plans de xestión específicos para cada un dos lugares inseridos nela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019



- 1.5 57071 (10/POC-008955)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para lles dar resposta aos catorce mil solicitantes de vivenda inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.6 57108 (10/POC-008959)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a existencia en Galicia de corenta e sete mil catrocentos fogares cualificados como inadecuados, as medidas que vai impulsar o Goberno galego para mellorar o grao de atención ás familias máis vulnerables e as razóns do recorte ano tras ano das partidas orzamentarias destinadas desde 2017 ao Programa de infravivenda, do Plan RehaVita, cando a demanda incrementou
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.7 57211 (10/POC-008975)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a resposta da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á pregunta parlamentaria referida ás analíticas realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos do contorno da antiga mina de Touro, a posible detección da desaparición da balsa de Bama nalgunha das inspeccións regulares realizadas pola consellaría con motivo da vixilancia periódica da zona e as súas causas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.8 57226 (10/POC-008978)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis
Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Jaime

Castiñeira Broz

Firmado digitalmente por Jaime
Castiñeira Broz
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Jaime Castiñeira Broz,
email=jaime.castineira.broz@parlament
odegalicia.gal
Fecha: 2019.10.21 14:12:37 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 21/10/2019 14:12:37

